



Investigación e tratamento da información

1º ESO

IES Poeta Añón (Outes)

2021-2022

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	1
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE, CONCRECIÓN QUE RECOLLA OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.	1
3. OBXECTIVOS	7
4. TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS	7
A. FORMACIÓN DE USUARIOS DA BIBLIOTECA E MANEXO DOS RECURSOS DA INFORMACIÓN DO CENTRO	7
B. ESTRATEXIAS PARA A ELABORACIÓN DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN (BUSCA E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN)	9
C. FERRAMENTAS PARA A ELABORACIÓN DE MATERIAIS EN FORMATO DE PRESENTACIÓN DIXITAL	9
5. CONCRECIÓN METODOLÓXICAS DA MATERIA	10
6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA	11
7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	18
8. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA	19
9. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS	19
10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	19
11. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	20
12. AVALIACIÓN INICIAL	20

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

No noso centro xa levábamos varios cursos dedicando a materia de libre configuración de 1º de ESO, á formación do alumnado novo que chega ó centro, no aproveitamento dos recursos da nosa biblioteca, no manexo de distintas ferramentas de tratamento da información e, en xeral, na formación ALFIN.

Pareceunos importante continuar nesa liña, iniciada xa co proxecto interdisciplinario, posto que, cada vez máis, solicitamos ese tipo de coñecementos nas distintas areas do currículo, sen dedicarlle o tempo necesario nas aulas á adquisición desa competencia.

Esta é a razón pola que decidimos acollernos á proposta de “Investigación e tratamento da información”.

Esta elección parte dun desexo de canalizar, nesa hora semanal, a formación de usuarios non só do espazo e dos recursos da biblioteca, senón de tódolos recursos da información dispoñibles no centro e da súa utilización nas distintas áreas, obxectivo que o Equipo de biblioteca levaba uns anos promovendo.

Neste curso 2021-2022 o alumnado de 1º de ESO repártese en dous grupos de 16 e 17 alumnos.

A profesora que impartirá a materia será:

- A profesora de Francés e coordinadora da biblioteca, Valérie Pauzat.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE, CONCRECIÓN QUE RECOLLA OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.

Na seguinte táboa están recollidos estes aspectos da programación didáctica.

Investigación e Tratamento da Información [1º ESO]							
Obx.	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Contidos mínimos esixibles	Temporalización	Instrumentos de avaliación
Bloque 1. A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital							
a b e f g	B1.1. A biblioteca como espazo de acceso á información.	B1.1. Utilizar a biblioteca como espazo de acceso á información presencial ou virtual.	INEINB1.1.1. Utiliza a biblioteca do seu centro para cubrir necesidades de lectura e de información.	CCL CD CAA CSIEE CCEC	Utiliza a biblioteca do seu centro para cubrir necesidades de lectura e de información.	1ªavaliación	Fichas realizadas na clase Proba escrita Observación de aula
			INEINB1.1.2. Utiliza a biblioteca do centro na procura de recursos informativos para os seus traballos individuais e grupais.	CCL CD CAA	Utiliza a biblioteca do centro na procura de recursos informativos para os seus traballos individuais e grupais.	1ªavaliación	Fichas realizadas na clase Proba escrita Observación de aula
e g n	B1.3. Recursos informativos: fontes orais, recursos físicos e virtuais.	B1.3. Identificar os recursos informativos dispoñibles segundo tipoloxía, soportes e formatos.	INEINB1.3.1. Diferencia os documentos informativos en función do seu contido.	CD CAA CSIEE		1ªavaliación	Fichas realizadas na clase Proba escrita Observación de aula
e g n b e h	B1.4. Estratexias de procura eficaz.	B1.4. Adaptar as estratexias de procura ás características dos recursos dixitais.	INEINB1.3.2. Acode ás fontes orais de referencia no seu contorno máis próximo para determinadas necesidades informativas.	CCL CAA		1ªavaliación	Fichas realizadas na clase Proba escrita Observación de aula
			INEINB1.3.3. Accede de forma autónoma a contidos audiovisuais, presenciais ou virtuais.	CSIEE CAA	Accede de forma autónoma a contidos audiovisuais, presenciais ou virtuais.	1ªavaliación	Fichas realizadas na clase Proba escrita Observación de aula
			INEINB1.4.1. Distingue as ideas principais das secundarias nos documentos consultados.	CCL CAA	. Distingue as ideas principais das secundarias nos documentos consultados.	1ªavaliación	Fichas realizadas na clase Proba escrita Observación de aula
b e h n o	<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Estratexias de procura eficaz. B1.5. Dereitos de autoría. 	B1.4. Adaptar as estratexias de procura ás características dos recursos dixitais. B1.5. Recoñecer os dereitos de autoría.	INEINB1.4.2. Recupera de forma eficaz contido informativo dos recursos dixitais.	CCL CAA CD	Recupera de forma eficaz contido informativo dos recursos dixitais.	1ªavaliación	Fichas realizadas na clase Proba escrita Observación de aula
			INEINB1.5.1. Identifica e respecta a autoría de textos ou imaxes.	CSC	Identifica e respecta a autoría de textos ou imaxes.	1ªavaliación	Fichas realizadas na clase Proba escrita

				CAA			Observación de aula
Bloque 2. Fontes informativas. Localización e selección							
B e f	B2.1. Recursos físicos. Sistemas estandarizados de organización da biblioteca.	B2.1. Coñecer a organización da biblioteca e a CDU como sistema estandarizado.	INEINB2.1.1. Identifica os códigos da CDU polos que están organizados os fondos.	CCL CAA	<ul style="list-style-type: none"> Identifica os códigos da CDU polos que están organizados os fondos. 	1ª avaliación	<ul style="list-style-type: none"> Fichas realizadas na clase Proba escrita Observación de aula
			INEINB2.1.2. Recupera facilmente os documentos que precisa.	CAA CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> Recupera facilmente os documentos que precisa. 	1ª avaliación	<ul style="list-style-type: none"> Fichas realizadas na clase Proba escrita Observación de aula
e h g	B2.2. Procuras no catálogo informatizado da biblioteca escolar.	B2.2. Comprender e saber utilizar o catálogo informatizado da súa biblioteca.	INEINB2.2.1. Realiza procuras no catálogo por autor/a, título ou materia.	CAA CD CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> Realiza procuras no catálogo por autor/a, título ou materia. 	1ª avaliación	<ul style="list-style-type: none"> Fichas realizadas na clase Proba escrita Observación de aula
			INEINB2.2.2. Localiza documentos, en función das súas necesidades informativas, no catálogo web da biblioteca.	CAA CD CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> Localiza documentos, en función das súas necesidades informativas, no catálogo web da biblioteca. 	1ª avaliación	<ul style="list-style-type: none"> Fichas realizadas na clase Proba escrita Observación de aula
b e h	B2.3. Recursos dixitais. Internet como fonte de información.	B2.3. Acceder á rede e coñecer os recursos dispoñibles a través da internet.	INEINB2.3.1. Usa internet de xeito autónomo para resolver necesidades de información.	CD CAA CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> Usa internet de xeito autónomo para resolver necesidades de información. 	1ª avaliación	<ul style="list-style-type: none"> Fichas realizadas na clase Proba escrita Observación de aula
			INEINB2.3.2. Utiliza internet valorando as características deste medio en relación a aspectos como a permanencia, a fiabilidade, a veracidade, a organización, a selección, a gratuidade, a dispoñibilidade, a autoría, etc.	CD	<ul style="list-style-type: none"> 	1ª avaliación	<ul style="list-style-type: none"> Fichas realizadas na clase Proba escrita Observación de aula
b g h	B2.4. Necesidade dun plan de procura de información. Palabras clave e outras estratexias de procura. Uso de motores de procura.	B2.4. Planificar as procuras informativas e empregar con eficacia palabras clave para a obtención de información e uso de motores de procura diversificados.	INEINB2.5.1. Establece un sistema de procura eficaz de información.	CD CAA CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> Establece un sistema de procura eficaz de información. 	1ª avaliación	<ul style="list-style-type: none"> Fichas realizadas na clase Proba escrita Observación de aula
			INEINB2.5.2. Utiliza palabras clave e aplica estratexias eficaces de procura para localizar información na web.	CD CAA CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> Utiliza palabras clave e aplica estratexias eficaces de procura para localizar información na web. 	1ª avaliación	<ul style="list-style-type: none"> Fichas realizadas na clase Proba escrita Observación de aula
e g	<ul style="list-style-type: none"> B2.6. Beneficios e riscos da rede. Dereito de privacidade. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.6. Valorar os beneficios e os riscos da rede. 	INEINB2.6.1. Navega pola internet con seguridade preservando a súa identidade e a súa privacidade.	CD CSC CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> Navega pola internet con seguridade preservando a súa identidade e a súa privacidade. 	1ª avaliación	<ul style="list-style-type: none"> Fichas realizadas na clase Proba escrita Observación de aula

e g h	• B2.7. Fiabilidade dos espazos web.	• B2.7. Coñecer e usar os criterios para identificar os espazos web fiables.	INEINB2.7.1. Distingue webs fiables en función de determinados criterios: autoría, data de actualización, tipo de dominio, finalidades, publicidade, contacto, etc.	CCL CD CAA	• Distingue webs fiables en función de determinados criterios: autoría, data de actualización, tipo de dominio, finalidades, publicidade, contacto, etc.	1ªavaliación	• Fichas realizadas na clase • Proba escrita • Observación de aula
b e g	B2.8. Internet e as creacións colectivas: Galipedia, Wiikipedia, etc.	B2.8. Valorar as creacións colectivas na internet: Wikipedia, Galipedia, etc.	INEINB2.8.1. Emprega as creacións colectivas na internet: Wikipedia, Galipedia, etc.	CD CSC	• Emprega as creacións colectivas na internet: Wikipedia, Galipedia, etc.	1ªavaliación	• Fichas realizadas na clase • Proba escrita • Observación de aula
e g h	B2.9. Valoración da información recollida na rede.	B2.9. Avaliar de forma crítica a información recollida e contrastar información en distintas fontes.	INEINB2.9.1. Compara a información recollida en distintas fontes informativas na rede.	CCL CD CAA	• Compara a información recollida en distintas fontes informativas na rede.	1ªavaliación	• Fichas realizadas na clase • Proba escrita • Observación de aula
			INEINB2.9.2. Contrasta a información recollida na rede con outras fontes orais ou impresas.	CCL CD CAA	•	1ªavaliación	• Fichas realizadas na clase • Proba escrita • Observación de aula

Bloque 3. Organizarse para investigar

B e	• B3.1. Procesos de investigación.	B3.1. Recoñecer os pasos para seguir nun proceso de investigación.	• INEINB3.1.1. Identifica os obxectivos do traballo de investigación e as súas fases.	CAA CSIEE	• Identifica os obxectivos do traballo de investigación e as súa	2ªavaliación 3ªavaliación	• Elaboración dun traballo dixital de investigación
b e g	• B3.2. Planificación dun proxecto de investigación.	• B3.2. Planificar o proceso de procura e recuperación da información.	INEINB3.2.1. Elabora un esquema do traballo que se vaia realizar.	CCL CAA	• Elabora un esquema do traballo que se vaia realizar.	2ªavaliación 3ªavaliación	• Elaboración dun traballo dixital de investigación
a b g	• B3.3. Traballo en grupo.	B3.3. Organizar o traballo a nivel individual ou grupal, e responsabilizarse das tarefas adxudicadas.	INEINB3.3.1. escoita os integrantes do grupo, garda a quenda de palabra, argumenta as súas opinións e respecta as opinións das outras persoas.	CCL CAA CSC	• escoita os integrantes do grupo, garda a quenda de palabra, argumenta as súas opinións e respecta as opinións das outras persoas.	2ªavaliación 3ªavaliación	• Elaboración dun traballo dixital de investigación
			INEINB3.3.2. Contribúe á distribución de tarefas e responsabilizase das que lle corresponden.	CAA CSC	• Contribúe á distribución de tarefas e responsabilizase das que lle corresponden.	2ªavaliación 3ªavaliación	• Elaboración dun traballo dixital de investigación
b g	• B3.4. Preparación da procura informativa.	B3.4. Identificar o tema para investigar e os aspectos clave.	INEINB3.4.1. Formula preguntas sobre o tema sobre o que se vaia investigar.	CCL CAA	• Formula preguntas sobre o tema sobre o que se vaia investigar.	2ªavaliación 3ªavaliación	• Elaboración dun traballo dixital de investigación
b e	B3.5. Recuperación dos coñecementos previos e definición de obxectivos de procura.	B3.5. Recuperar os coñecementos previos sobre o tema e definir os aspectos sobre os que precisa informarse.	INEINB3.5.1. Concreta os conceptos clave que van guiar o traballo de procura de información.	CCL CAA	• Concreta os conceptos clave que van guiar o traballo de procura de información.	2ªavaliación 3ªavaliación	• Elaboración dun traballo dixital de investigación

Bloque 4. Procura e tratamento da información

B e g	B4.1. Necesidades informativas, fontes de información e procesos de procura, valoración e selección de información.	B4.1. Identificar o tipo de información que se precisa, localizar as fontes informativas dispoñibles, realizar consultas informativas seguindo un plan deseñado previamente e empregar o recurso informativo máis apropiado ao tipo de información que se precisa.	INEINB4.1.1. Identifica o tipo de información que precisa en función duns obxectivos.	CCL CD CAA	Identifica o tipo de información que precisa en función duns obxectivos.	2ªavaliación 3ªavaliación	Elaboración dun traballo dixital de investigación
			NEINB4.1.2. Localiza os recursos dispoñibles e acordos á súa necesidade informativa.	CCL CD CAA	Localiza os recursos dispoñibles e acordos á súa necesidade informativa.	2ªavaliación 3ªavaliación	Elaboración dun traballo dixital de investigación
			INEINB4.1.3. Concreta o proceso de procura de información.	CCL CD CAA	Concreta o proceso de procura de información.	2ªavaliación 3ªavaliación	Elaboración dun traballo dixital de investigación
			• INEINB4.1.4. Escolle os recursos informativos que precisa de forma eficaz.	CCL CD CAA		2ªavaliación 3ªavaliación	Elaboración dun traballo dixital de investigación
h	B4.2. Análise e comprensión da información atopada.	B4.2. Ler de forma comprensiva textos informativos de diferente tipoloxía (continuos, descontinuos, e procedentes dos medios de comunicación e dos medios audiovisuais).	INEINB4.2.1. Comprende e analiza textos continuos e descontinuos, e sabe extraer as ideas principais.	CCL CD CAA	Comprende e analiza textos continuos e descontinuos, e sabe extraer as ideas principais.	2ªavaliación 3ªavaliación	Elaboración dun traballo dixital de investigación
			INEINB4.2.2. Deduce información implícita ou explícita dos contidos audiovisuais e dos textos dos medios de comunicación.	CCL CD CAA		2ªavaliación 3ªavaliación	Elaboración dun traballo dixital de investigación
b e h	B4.3. Interpretación e valoración da información atopada.	B4.3. Valorar a información atopada en función de determinados criterios: pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc.	INEINB4.3.1. Selecciona a información tras valorala seguindo uns determinados criterios (pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc.).	CCL CD CAA		2ªavaliación 3ªavaliación	Elaboración dun traballo dixital de investigación
b e h	B4.4. Proceso da información: extracción e síntese.	B4.4. Extraer a información precisa, en función dos obxectivos do traballo, de forma sintetizada.	INEINB4.4.1. Sintetiza a información atopada en función dos obxectivos do traballo.	CCL CD CAA	Sintetiza a información atopada en función dos obxectivos do traballo.	2ªavaliación 3ªavaliación	Elaboración dun traballo dixital de investigación
a b e o	• B4.5. Citas e referencias.	B4.5. Recoller as fontes consultadas para os efectos de citas correctamente no produto final.	INEINB4.5.1. Compila as fontes consultadas e citaas correctamente.	CCL CD CAA CSC CCEC	Compila as fontes consultadas e citaas correctamente.	2ªavaliación 3ªavaliación	Elaboración dun traballo dixital de investigación

Bloque 5. Xeración de contidos e comunicación							
B e g	B5.1. Organización e reelaboración da información.	B5.1. Organizar a información recuperada de distintas fontes, xerarquizándoa e plasmándoa en esquemas, mapas conceptuais, guións, etc.	INEINB5.1.1. Realiza esquemas, mapas conceptuais, guións, etc., para organizar a información recuperada.	CCL CD CAA	▪	▪ 2ªavaliación ▪ 3ªavaliación	▪ Elaboración dun traballo ▪ dixital de investigación
b e g	B5.3. Reelaboración e personalización da información.	B5.3. Estructurar mediante un guión textos propios, expositivos, descritivos e explicativos, a partir da información reunida.	INEINB5.3.1. Elabora guións para estruturar os textos creados a partir da información reunida.	CCL CD CAA	▪	▪ 2ªavaliación ▪ 3ªavaliación	▪ Elaboración dun traballo ▪ dixital de investigación
b e g h	B5.4. Presentación dos produtos informativos propios. Pautas para a presentación de traballos escritos.	B5.4. Coñecer e aplicar as pautas formais para a elaboración de traballos escritos (paxinación, índice, bibliografía, etc.), utilizando procesadores de texto de forma autónoma.	INEINB5.4.1. Presenta os seus traballos segundo unhas pautas consensuadas: paxinación, índice, bibliografía, etc.	CCL CD CAA	▪ Presenta os seus traballos segundo unhas pautas consensuadas: paxinación, índice, bibliografía, etc	▪ 2ªavaliación ▪ 3ªavaliación	▪ Elaboración dun traballo ▪ dixital de investigación
			INEINB5.4.2. Elabora textos propios mediante un procesador de textos.	CCL CD	▪ Elabora textos propios mediante un procesador de textos.	▪ 2ªavaliación ▪ 3ªavaliación	▪ Elaboración dun traballo ▪ dixital de investigación
b e g	B5.7. Tratamento e edición de produtos dixitais (presentacións, vídeos, etc.).	B5.7. Incorporar imaxes aos traballos escritos ou ás presentacións cun tratamento adecuado.	INEINB5.7.1. Incorpora imaxes aos seus traballos de investigación.	CD CCEC	▪ Incorpora imaxes aos seus traballos de investigación.	▪ 2ªavaliación ▪ 3ªavaliación	▪ Elaboración dun traballo ▪ dixital de investigación
g h	• B5.8. Características dos textos dixitais eficaces.	B5.8. Identificar e valorar as pautas para a produción de textos dixitais eficaces (lonxitude dos textos escritos, presentacións eficaces, etc.)	INEINB5.8.1. Respecta unhas pautas mínimas na produción de textos dixitais.	CCL CD	▪ Respecta unhas pautas mínimas na produción de textos dixitais.	▪ 2ªavaliación ▪ 3ªavaliación	▪ Elaboración dun traballo ▪ dixital de investigación

3. OBXECTIVOS

Xa en cursos anteriores o conxunto do profesorado recalcou as carencias formativas do noso alumnado nas tarefas de busca de información, selección crítica da mesma, elaboración de traballos de síntese e utilización de ferramentas dixitais.

Os obxectivos principais que pretendemos acadar son:

- Aprender a usar a ferramenta do correo dixital
- Coñecer os recursos dispoñibles na nosa biblioteca escolar.
- Aprender a buscar información fora e dentro da biblioteca do centro.
- Seleccionala, resumila e comunicala de forma axeitada.
- Respectar os dereitos de autor.
- Desenvolver o seu espírito crítico cara as fontes de información.
- Aprender a presentar traballos en distintos formatos (uso de programas para contidos dixitais).
- Desenvolver as súas capacidades para aprender a aprender.
- Aumentar o seu grao de autonomía.
- Fomentar o traballo en equipo.

4. TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS

Organizaremos os contidos en torno a tres bloques correspondentes a cada un dos trimestres:

A. FORMACIÓN DE USUARIOS DA BIBLIOTECA E MANEXO DOS RECURSOS DA INFORMACIÓN DO CENTRO.

Nun primeiro momento, tratarase de presentarlles a nosa biblioteca como un punto de acceso á cultura impresa e dixital:

- Normas de uso.
- Distribución dos espazos e andeis
- CDU
- Etiquetas
- Utilización do catálogo en liña MEIGA

A continuación trataranse as distintas FONTES DE INFORMACIÓN dispoñibles e os seus usos:

- Obras de referencia nos seus distintos soportes (papel e dixital): enciclopedias, dicionarios, atlas ...
- Recursos web para busca de información en fontes fiables (buscadores, enciclopedias libres, enciclopedias dispoñibles no MEIGA..).
- Manexo do buscador máis empregado "Google".
- Prácticas de busca de datos concretos nas obras de referencia.

É importante subliñar a necesidade de partir de coñecementos básicos, posto que a experiencia dinos que boa parte do alumnado carece de técnicas básicas e eficaces de busca. Insistirase tamén na necesidade de contrastar a información en distintas fontes.

Cada apartado será presentado a través dunhas fichas de traballo coa finalidade de aplicar a teoría ó ámbito práctico e tamén se traballará a través de actividades máis lúdicas "on line".

Na primeira avaliación tamén traballaremos co uso da ferramenta do **correo electrónico**, posto que levamos anos detectando grandes carencias en boa parte do noso alumnado de 1º de ESO. Centraremos en aprender a :

- Saber presentar correctamente un correo.
- Xuntar documentos en formatos adecuados.
- Compartir enlaces de webs.
- Usar a ferramenta de DRIVE para compartir arquivos ou traballar en liña cos compañeiros.

B. ESTRATEXIAS PARA A ELABORACIÓN DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN (Busca e tratamento da información)

Neste ámbito, tamén pensamos que é importante partir de coñecementos moi básicos, xa que se teñen detectado dificultades no manexo de destrezas básicas para levar a cabo tarefas informáticas simples.

Deste xeito, comezaremos con prácticas simples necesarias para o manexo dos equipos Abalar:

- A creación de carpetas para gardar información e traballos
- O manexo do correo electrónico para gardar e enviar traballos ó profesorado e, nalgúns casos, creación dunha conta de correo persoal para aqueles que non a teñan.

A continuación, tratarase de ofrecerlles guías de traballo coas pautas necesarias para a realización e presentación de traballos coa intención de mellorar os seguintes aspectos:

- A selección (a través de fontes variadas de información) e síntese da información.
- A presentación dun traballo en soporte dixital (Open Office).
- A inclusión de diferentes apartados: portada, índice, introdución, corpo central, conclusión, bibliografía e posibles anexos.

Darase a coñecer as normas para a presentación de traballos que foron acordadas polo conxunto do Claustro cando se levou a cabo a renovación do Proxecto lingüístico de centro e están dispoñibles na Web do centro.

Farase especial fincapé na necesidade de respectar os dereitos de autor mencionando as fontes empregadas na bibliografía, tanto aquelas atopadas en soporte papel como as procedentes da rede en soporte dixital.

C. FERRAMENTAS PARA A ELABORACIÓN DE MATERIAIS EN FORMATO DE PRESENTACIÓN DIXITAL

No terceiro trimestre tratarase de que utilicen o aprendido previamente para a realización de traballos de investigación en formato de presentacións dixitais (Impress).

En colaboración co proxecto anual da biblioteca, propoñerase un tema de traballo relacionado, para pór en práctica os coñecementos adquiridos.

- Introdución ó manexo de presentacións dixitais.

- Selección e tratamento de imaxes.
- Enlaces a vídeos.

Na medida do posible eses traballos serán presentados oralmente ao resto da clase para una posterior autocrítica moi positiva para a corrección de erros e unha mellor aprendizaxe.

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA

Esta materia non se pode abordar de xeito lineal nin teórico. Non se trata de desenvolver os bloques como compartimentos estancos ou propostas diferenciadas. Pola contra, o desenvolvemento da competencia informacional require o deseño de situacións contextualizadas que obriguen á resolución dun problema ou á realización dun produto, textual ou audiovisual, como resposta a unha necesidade de información. A metodoloxía de proxectos resulta a máis acaída para garantir o tratamento de todos os contidos previstos e a adquisición dos estándares de avaliación que se propoñen, pois requiren a identificación dunha necesidade informativa, a planificación e a distribución de tarefas entre os membros dun grupo, a realización de pequenas investigacións e tarefas integradas de cara á elaboración dun produto final que cómpre comunicar. Os traballos de investigación de carácter interdisciplinar, que responden á metodoloxía de proxectos ou problemas, enfrontan o alumnado a situacións de contacto coa información para as cales debe desenvolver coñecementos, habilidades e actitudes complexas. Traballar neste tipo de proxectos axudaralles non só a adquirir habilidades de uso, tratamento e produción de información: permitiralles construír o seu coñecemento e adquirir competencia de aprender a aprender, entre outras. É por isto que se recomenda o tratamento dos contidos propostos a partir dun tópico, un problema ou a necesidade de coñecer, comprender e comunicar as súas descubertas, sobre unha situación do seu contexto máis próximo ou doutras realidades ás que pode acceder o alumnado. O proceso de xestión da información (procura, recuperación, análise, tratamento, comunicación e aplicación) pode alcanzar diferentes niveis de complexidade que deberán adaptarse á situación informativa que se deseñe e ao nivel competencial do alumnado.

6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

Realizaranse fichas de traballo ao longo do primeiro trimestre, que serán analizadas na rúbrica correspondente.

(Véxase o arquivo que se xunta de EXCEL "[ANEXO 1_Valoracións_ITI_20182019_Prog.xlsx](#)")

Xa no segundo e terceiro trimestres, valoraranse os traballos dixitais elaborados polo alumnado. Tendo en conta que non só importa o produto final senón tamén o proceso, valoraranse seguindo as táboas correspondentes.

A longo prazo tamén se poderán avaliar os resultados da programación dos contidos, valorando co conxunto do profesorado a adquisición da competencia en Alfabetización Informacional, posta en práctica nas tarefas de investigación e elaboración de traballos nas distintas áreas.

Os criterios de avaliación da materia de Investigación e Tratamento da Información, serán os seguintes nas distintas avaliacións:

1ª AVALIACIÓN:

50% BIBLIOTECA E MANEXO DOS RECURSOS DA INFORMACIÓN DO CENTRO. (rúbrica correspondente ás fichas de clase)
30% PROBA DE AVALIACIÓN DOS CONTIDOS TRABALLADOS Ó LONGO DO TRIMESTRE.
20% OBSERVACIÓN DO TRABALLO NA AULA. (RÚBRICA)

FORMACIÓN DE USUARIOS DA BIBLIOTECA E MANEXO DOS RECURSOS DA INFORMACIÓN DO CENTRO.								
BÚSQUEDA DE INFORMACIÓN				VALORES				
			CCBB	DEFICIENTE 0 PUNTOS	SUFICIENTE 1 PUNTO	BEN 2 PUNTOS	EXCELENTE 3 PUNTOS	Puntuación
BIBLIOTECA	1BI	COÑECE A ORGANIZACIÓN DA BIBLIOTECA (CDU, ETIQUETAS,ORDEN ESTANTES)	CD CAA CSIEE CL					
	2BI	SABE QUÉ MATERIAIS (LIBROS, REVISTAS, VÍDEOS, CD-ROMS, DVDS, ETC.) TEN A BIBLIOTECA, ONDE SE ATOPAN E CALES SON AS NORMAS DE PRÉSTAMO.						
	3BI	SABE ACCEDER DIRECTAMENTE DENDE OS ORDENADORES DA BIBLIOTECA Ó CATÁLOGO MEIGA.						
	4BI	É COIDADOSO/A COAS INFORMACIÓNS QUE EXTRAE DE INTERNET, E SABE ACCEDER A PÁXINAS FIABLES COMO ÁS DAS ENCICLOPEDIAS DO MEIGA.						
	5BI	SABE UTILIZAR A FERRAMENTA DE GOOGLE UTILIZANDO A BUSCA AVANZADA.						
	6BI	SABE UTILIZAR CORRECTAMENTE A FERRAMENTA DO CORREO ELECTRÓNICO (MANDAR E GARDAR INFORMACIÓN)						
TOTAL								

RUBRICA PARA OBSERVACIÓN NA AULA								
INDICADORES				VALORES				
REFERENCIA			CCBB	DEFICIENTE 0 PUNTOS	SUFICIENTE 1 PUNTO	BEN 2 PUNTOS	EXCELENTE 3 PUNTOS	Puntuación
	10A	PARTICIPA NA CLASE DE FORMA INTENCIONAL DE ACORDO Ó CONTIDO DOS TEMAS TRATADOS. TEN UN COMPORTAMENTO BO, RESPECTANDO AS NORMAS DE CONVIVENCIA E AS DE MAIS PERSOAS E COLABORA ADECUADAMENTE NAS TAREFAS DE GRUPO.						
	20A	ENTREGA OS TRABALLOS NO PRAZO FIXADO E CORRIXE OS SEUS ERROS A PETICIÓN DO PROFESORADO.						
	30A	E AUTÓNOMO E PROCURA ATOPAR SOLUCIÓNS AOS PROBLEMAS QUE PRESENTAN AS ACTIVIDADES ANTES DE SOLICITAR A AXUDA DO PROFESORADO.						
TOTAL								

2ª AVALIACIÓN:

80% CONTIDO E DESEÑO DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN E USO DO PROCESADOR DE TEXTO(LIBRE OFFICE). (RÚBRICA)
20% OBSERVACIÓN DO TRABALLO NA AULA. (RÚBRICA)

RÚBRICA PARA AVALIACIÓN DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN ELABORADOS CON PROCESADOR DE TEXTO								
INDICADORES				VALORES				
REFERENCIA			CCBB	DEFICIENTE 0 PUNTOS	SUFICIENTE 1 PUNTO	BEN 2 PUNTOS	EXCELENTE 3 PUNTOS	Puntuación
	1A	HAI UN ÍNDICE CON TÓDOLOS ASPECTOS A TRATAR NO TRABALLO E RESPÉCTASE AO LONGO DO TRABALLO.	CD CAA CSIEE CL					
	2A	A PORTADA TEN OS ELEMENTOS SOLICITADOS.						

	3A	TEN PAXINACIÓN E ENCABEZADO.						
	4A	A INTRODUCCIÓN CUMPRE A SÚA FUNCIÓN.						
	5A	A CONCLUSIÓN CUMPRE A SÚA FUNCIÓN.						
	6A	A INFORMACIÓN É COHERENTE E APARECE DE MANEIRA ORDENADA. O ALUMNO FAI APORTACIÓNS PERSOAIS AO TRABALLO, (CRÍTICA, OPINIÓN, EXPERIENCIAS PERSOAIS...)						
	7A	O CONTIDO É SUFICIENTE E RESUME CLARAMENTE A INFORMACIÓN ESENCIAL SOBRE O TEMA A TRATAR.						
	8A	USA UN NIVEL LINGÜÍSTICO ADECUADO E UNHA ORTOGRAFÍA ACCEPTABLE.						
	9A	USA DIVERSAS FONTES DE INFORMACIÓN QUE CUMPREN CRITERIOS DE CALIDADE PARA ENRIQUECER A SÚA APRENDIZAXE E APUNTA DE ONDE SACOU AS INFORMACIÓNS PARA INCLUILO AO FINAL DO TRABALLO NA BIBLIOGRAFÍA, SEGUINDO AS CONSIGNAS DO PROFESOR E AMOSANDO RESPECTO POLOS DEREITOS DE AUTOR.						
	10A	INSIRE CORRECTAMENTE IMAXES NO DOCUMENTO.						
TOTAL								

RUBRICA PARA OBSERVACIÓN NA AULA								
INDICADORES			CCBB	VALORES				Puntuación
REFERENCIA				DEFICIENTE 0 PUNTOS	SUFICIENTE 1 PUNTO	BEN 2 PUNTOS	EXCELENTE 3 PUNTOS	
10A	PARTICIPA NA CLASE DE FORMA INTENCIONAL DE ACORDO Ó CONTIDO DOS TEMAS TRATADOS. TEN UN COMPORTAMENTO BO, RESPECTANDO AS NORMAS DE CONVIVENCIA E AS DEMAIS PERSOAS E COLABORA ADECUADAMENTE NAS TAREFAS DE GRUPO.							

	20A	ENTREGA OS TRABALLOS NO PRAZO FIXADO E CORRIXE OS SEUS ERROS SEGUINDO AS INSTRUCCIÓN DO PROFESOR DESPOIS DA PRIMEIRA CORRECCIÓN.						
	30A	E AUTÓNOMO E PROCURA ATOPAR SOLUCIÓNS AOS PROBLEMAS QUE PRESENTAN AS ACTIVIDADES ANTES DE SOLICITAR A AXUDA DO PROFESORADO.						
TOTAL								

Se unha vez presentado o traballo de investigación, este presentase unha gran cantidade de erros ortográficos, sería devolto sen cualificar ao alumnado para que fose revisado e debidamente corrixido antes de ser valorado.

Os traballos deberán constar de todos os aspectos obrigatorios que aparecen nas rúbricas e nas guías de realización de traballos, no caso de que algún destes aspectos non sexa valorado cun mínimo de un punto, o traballo non poderá ser valorado positivamente. O alumnado deberá revisar o seu traballo e corrixir o fallo. Para iso poderá entregar varias versións do seu traballo ata unha data tope.

3ª AVALIACIÓN:

80% CONTIDO E DESEÑO DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN CO PROGRAMA IMPRESS E PRESENTACIÓN ORAL. (RÚBRICA)
20% OBSERVACIÓN DO TRABALLO NA AULA. (RÚBRICA)

RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN EN FORMATO DE PRESENTACIÓNS								
INDICADORES				VALORES				
REFERENCIA			CCBB	DEFICIENTE 0 PUNTOS	SUFICIENTE 1 PUNTO	BEN 2 PUNTOS	EXCELENTE 3 PUNTOS	Puntuación
	1A	HAI UN ÍNDICE CON TÓDOLOS ASPECTOS A TRATAR NO TRABALLO E RESPECTASE Ó LONGO DO TRABALLO.	CD CAA CSIEE CL					
	2A	TEN INTRODUCCIÓN E CONCLUSIÓN QUE CUMPREN AS SÚAS FUNCIONS.						
	3A	A INFORMACIÓN É COHERENTE E APARECE DE MANEIRA ORDENADA. O ALUMNO FAI APORTACIÓNS PERSOAIS AO TRABALLO, (CRÍTICA, OPINIÓN, EXPERIENCIAS PERSOAIS...)						

	4A	A CANTIDADE DE INFORMACIÓN QUE APARECE NAS DIAPOSITIVAS É AXEITADA.						
	5A	A EXPOSICIÓN ORAL COMPLETA E AMPLÍA A INFORMACIÓN DAS DIAPOSITIVAS.						
	6A	UTILIZA IMAXES OU ENLACES A VÍDEOS PARA ENRIQUECER O SEU TRABALLO. SABE UTILIZAR OS EFECTOS DE SON O BARRIDO.						
	7A	A PRESENTACIÓN ORAL É DINÁMICA E CLARA.						
	8A	USA DIVERSAS FONTES DE INFORMACIÓN QUE CUMPREN CRITERIOS DE CALIDADE PARA ENRIQUECER A SÚA APRENDIZAXE E APUNTA DE ONDE SACOU AS INFORMACIÓNS PARA INCLUILO AO FINAL DO TRABALLO NA BIBLIOGRAFÍA, SEGUINDO AS CONSIGNAS DO PROFESOR E AMOSANDO RESPECTO POLOS DEREITOS DE AUTOR.						
	9A	USA UN NIVEL LINGÜÍSTICO ADECUADO E UNHA ORTOGRAFÍA ACEPTABLE.						
TOTAL								

RUBRICA PARA OBSERVACIÓN NA AULA								
INDICADORES				VALORES				
REFERENCIA	CCBB	DEFICIENTE 0 PUNTOS	SUFICIENTE 1 PUNTO	BEN 2 PUNTOS	EXCELENTE 3 PUNTOS	Puntuación		
10A	PARTICIPA NA CLASE DE FORMA INTENCIONAL DE ACORDO Ó CONTIDO DOS TEMAS TRATADOS. TEN UN COMPORTAMENTO BO, RESPECTANDO AS NORMAS DE CONVIVENCIA E AS DEMAIS PERSOAS E COLABORA ADECUADAMENTE NAS TAREFAS DE GRUPO.							
20A	ENTREGA OS TRABALLOS NO PRAZO FIXADO E CORRIXE OS SEUS ERROS SEGUINDO AS INSTRUCCIÓNS DO PROFESOR (AS VECES QUE SEXAN NECESARIAS)							
30A	E AUTÓNOMO E PROCURA ATOPAR SOLUCIÓNS AOS PROBLEMAS QUE PRESENTAN AS ACTIVIDADES ANTES DE SOLICITAR A AXUDA DO PROFESORADO.							

TOTAL					
-------	--	--	--	--	--

Se unha vez presentado o traballo de investigación, este presentase unha gran cantidade de erros ortográficos, sería devolto sen cualificar ao alumnado para que fose revisado e debidamente corrixido antes de ser valorado.

Os traballos deberán constar de todos os aspectos obrigatorios que aparecen nas rúbricas e nas guías de realización de traballos, no caso de que algún destes aspectos non sexa valorado cun mínimo de un punto, o traballo non poderá ser valorado positivamente. O alumnado deberá revisar o seu traballo e corrixir o fallo. Para iso poderá entregar varias versións do seu traballo ata unha data tope.

AVALIACIÓN FINAL:

Tendo en conta que a avaliación da materia non pode ser continua, no caso de non ter superada unha das avaliacións, o alumnado terá a obriga:

- de presentarse a unha proba de recuperación da formación de usuarios, no caso da primeira.
- de entregar os traballos obrigatorios no caso da segunda e terceira.

A NOTA FINAL SERÁ A MEDIA DAS TRES AVALIACIÓNS.

CRITERIOS MÍNIMOS					
RF	CCBB	CRITERIOS	VALOR	SI	NON
1CM	CD CAA CSIEE CL	UTILIZA AXEITADAMENTE OS RECURSOS DA BIBLIOTECA DUNHA FORMA AUTÓNOMA E SABE ACCEDER DIRECTAMENTE DENDE O ORDENADOR Ó CATÁLOGO DA BIBLIOTECA.			
2CM		SABE PROCURAR INFORMACIÓN USANDO AS FERRAMENTAS DO NAVEGADOR.			
3CM		CONSULTA FONTES VARIADAS, RESUMINDO A INFORMACIÓN, NON FACENDO COPIA DIRECTA DELA.			
4CM		APUNTA DE ONDE SACOU AS INFORMACIÓNS PARA INCLUILO Ó FINAL DO TRABALLO NA BIBLIOGRAFÍA, EXPOÑENDO AS FONTES NAS QUE SE BASEOU E AMOSANDO RESPECTO POLOS DEREITOS DE AUTOR.			
5CM		COÑECE AS DIFERENTES PARTES QUE DEBE COMPOÑER UN TRABALLO DE INVESTIGACIÓN.			
6CM		UTILIZA CORRECTAMENTE A GRAMÁTICA E A ORTOGRAFÍA.			
7CM		UTILIZA IMAXES, SONS OU VÍDEOS PARA ENRIQUECER O SEU TRABALLO.			
8CM		O DESENVOLVEMENTO DOS CONTIDOS É COHERENTE E SUFICIENTE.			
9CM		FAI UN USO AXEITADO DALGÚN DOS PROGRAMAS DE EDICIÓN UTILIZADOS.			
10CM		TEN UN COMPORTAMENTO BO, RESPECTANDO AS NORMAS DE CONVIVENCIA E AS DEMAIS PERSOAS E COLABORA ADECUADAMENTE NAS TAREFAS DE GRUPO.			
			TOTAL		

7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Posto que a maior parte da materia será avaliada a través de traballos individuais de Investigación, a atención á diversidade farase de forma continua nas distintas clases aportando unha axuda maior o alumnado que presente máis dificultades.

8. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Tratándose dunha materia de nova creación, sabemos que ó longo do curso aparecerán carencias e dificultades de posta en práctica dos obxectivos especificados na programación da materia. A memoria final de avaliación, nos permitirá destacar os cambios pertinentes de cara ó curso que vén.

9. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

No noso proxecto de Investigación, colaboraremos como en anos anteriores co Proxecto da nosa biblioteca para este curso, titulado “Outeando emocións”, que traballará o tema das emocións e dos sentimentos, coa realización de traballos de investigación en torno ó tema. Tamén se colaborará ca celebración das Letras Galegas coa realización de traballos sobre o autor homenaxeado neste curso.

10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Un dato revelador para avaliar o noso labor docente, será a porcentaxe de aprobados na avaliación ordinaria de xuño.

A longo prazo tamén se poderán avaliar os resultados da programación dos contidos e do proceso de ensino e práctica docente, valorando co conxunto do profesorado a adquisición da competencia en Alfabetización Informacional, posta en práctica nas tarefas de investigación e elaboración de traballos nas distintas áreas.

11. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Utilizaranse fichas elaboradas polo Equipo de Biblioteca e actividades online, de formación de usuario de Biblioteca e de uso de Internet.

Formación de usuarios da biblioteca.

Prácticas con Internet.

Prácticas obras de referencia.

Ferramenta de Google.

Guías de Investigación e elaboración de traballos.

Guías para a presentación de traballos.

Prácticas para a investigación.

Guías de uso básico de programas de edición.

Titoriais online

12. AVALIACIÓN INICIAL

Debido á novidade dos contidos en canto a formación de usuarios de biblioteca, non se realizará proba inicial sobre coñecementos previos relacionados co uso da nosa biblioteca.

En canto ós coñecementos sobre Alfabetización Informacional, valoráranse durante o desenvolvemento das clases, sendo xa evidente a gran desigualdade que existe entre alumnado con facilidade no uso de recursos dixitais na casa e alumnado sen case ningún deses recursos. Sendo así é preciso partir de cero nestes contidos, mais o alumnado que sexa máis autónomo a hora de traballar con recursos dixitais, exercerá unha labor de axudantes do profesorado para colaborar cos compañeiros con máis dificultade.

Este tipo de colaboración foi unha realidade dende os inicios da materia, está sendo moi proveitosa tanto para o alumnado titor como para o alumnado con NNEE e permite maior fluidez no desenvolvemento das clases, posto que un só profesor non pode responder inmediatamente, a todas as dúbidas que xurdan durante unha sesión de clase, no manexo dos recursos dixitais.

Outes, a 20 de setembro de 2021(REVISADA O 01-04-22)



Valérie Pauzat